Intervén a Sra. Rodríguez Pérez, que di: Eu vou falar un pouco en nome de todos, tamén de todo o goberno. Creo que estamos todos bastante emocionados. Todo o grupo de goberno, despois das fermosas e sentidas palabras que nos acaba de transmitir a Secretaria no nome de Muiño. E eu creo que todos nós, o grupo de goberno, témoslle que dar as grazas por moitas razóns. O pacto de goberno que fixemos foi posible por parte de todos, pero o papel de Muiño foi moi importante para todas e para todos nós. Para nós é un excelente compañeiro de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

gobierno, para todas e todos nós. Entendímonos con el perfectísimamente desde o principio, igual que él con todos nós. Dóenos moito que se vaia, que dimita, pero bueno, sabemos que imos seguir contando co seu apoio e co traballo en todo o que poida. E nese sentido quedamos ben igual. E que a súa labor nestes meses, nestes poucos meses que levamos de goberno eu creo que, a verdade, polo que se nos transmite, que todo o mundo a recoñece. E que para nós é un exemplo tamén de como queremos actuar en moitos sentidos.

O Sr. Alcalde di: Por último quería intervir eu. Estar aquí sentado para mín un día foi un dos días máis felices da miña vida. Foi o día que me nomearon alcalde. E hoxe é un dos días máis tristes dende que vivo en Cedeira. A verdade é que tiñamos unha relación especial e temos, e seguiremos tendo unha relación moi boa. Estou, a verdade, é que moi triste. Levamos uns días entre todos, dándolle moitas voltas a todo isto. Estou moi contento porque quen te vai a substituir é unha persoa tamén moi comprometida. E sólo desexo que estés ao noso carón. Sólo desexo que cando saias do Concello, que o luns volvas a vir por aquí, que poidas ser un asesor para todos. Creo que, neste caso, o traballo que fixeche durante estes meses foi exemplar. O carácter que transmites ós traballadores é un exemplo para eles mesmos, da capacidade que tes. Eres o primeiro en chegar e normalmente o último en irte. Non quero emocionarme eu máis, e sólo dicirche que en nome de todos os veciños de Cedeira, en nome de todos os compañeiros do equipo de goberno, en nome de todos os funcionarios do Concello de Cedeira, dache as grazas e, por favor, non nos abandones. Ten sempre presente que aquí te necesitamos.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Rubido Ramonde di: Só dúas preguntas, unha delas é se ten coñecemento, dado que hoxe non está o Interventor, pode vostede contestar por escrito nos próximos días, pero para nosoutros sería bo que constara en acta, é: á día de hoxe, do remanente resultado do 2014 ¿Cánto hai dispoñible para inversións?

O Sr. Alcalde di: Contestaremos por escrito cando estea o Interventor.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: E unha segunda pregunta. É sobre o procedemento de adxudicación de, me parece que eran 60 luminarias no casco, que solicitamos nosoutros do Fondo de Compensación. Tamén pode vostede contestar por escrito, asesorado polos técnicos, nos próximos días. Pero a pregunta é ¿Por qué se puntuou máis á empresa adxudicataria, que ten domicilio social en Madrid, que ás dúas de Cedeira, de 0 a 10? As esixencias técnicas. Nosoutros detectamos que hai empresas que coincidían ó 100% cas esixencias técnicas.

O Sr. Alcalde di: Contestaremos por escrito. Pero eu contéstolle un pouquiño por riba. O proceso de contratación foi totalmente transparente, totalmente transparente, no sentido de que, primeiro, se invitou ás empresas locais. Porque nos encantaría que as empresas locais fosen as que ó final tivesen as mellores ofertas e levasen o traballo. Pero a lei nos dí que temos que publicar no perfil do contratante. É dicir, non invitamos a empresas de fora. As empresas de fora veron o perfil. No tema das características técnicas ¿qué fixemos? Pois, creo, que o que se debe facer, que é contratar a unha enxeñería e que eles, sobre as ofertas,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

nos fagan un informe das características técnicas e que eles sobre as ofertas nos fagan un informe desas características e eles fagan a puntuación. Que eso foi o que fixeron. Non os técnicos do Concello. Foi unha empresa externa. A empresa Proyfe, que é unha empresa coa que creo que traballaban vostedes tamén moito. E son eles realmente os que teñen a capacidade de decidir sobre as características. Así como despois a apertura dos sobres diante dos funcionarios e todo iso.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non estou cuestionando nada do que acaba de dicir. Eu estou cuestionando o resultado, entón bueno, se teñen que responder os técnicos que respondan os técnicos.

O Sr. Alcalde di: Bueno, vostede estará cuestionando unha opinión que terá vostede. Ahí houbo as tres puntuacións. As tres puntuacións foron: características técnicas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Sí, estou falando das características técnicas.

O Sr. Alcalde continúa: Segundo, diñeiro ou oferta económica.

O Sr. Rubido Ramonde di: Sí, sí.

O Sr. Alcalde continúa: E terceiro, a mellora. E foi a que máis, home agora non sei de memoria, pero creo que nas tres, non sei agora mesmo no tema económico, foi a que mellor puntuación obtivo

O Sr. Rubido Ramonde di: Características que eran fundamentais cara ó día de mañá que vai vir o control da Xunta, que teñan as características que aprobou a Xunta. Sigo dicindo que non estou cuestionando o procedemento, para nada, nin poñéndoo en duda.

O Sr. Alcalde di: Pero vultes dicir unha cousa, creo que se mellorou porque, si non recordo mal, houbo unha actuación similar uns meses antes, cando vostedes gobernaban, nunha cousa moi similar e tamén a través dunha subvención. ¿Cal foi o problema? O problema foi que non se entregou cando se tiña que ter entregado. Non se puido cobrar a subvención e os cartos e pagounos o Concello de Cedeira. E encima, iso costoulle diñeiro ó Concello de Cedeira.

O Sr. Rubido Ramonde di: O Concello de Cedeira paga á París de Noia tamén, como dí vostede, pagámola nosoutros. Porque no mes de marzo houbo un Pleno no que se aprobou o gasto extraordinario. Non diga vostede en primeira persoa, que está moi acostumbrado... O que anda dicindo vostede pola radio é que está moi acostumbrado a falar... nós trouxemos máis puntos de bicicletas... Non o puxo vostede, pono o Concello en virtude de todo un procedemento e dun resultado. Pero agora o que eu estou advertindo é que non vaia a haber un resultado indesexable, para todos, e polo interese público. Porque hai indicios de que á empresa de Madrid metéronnola a todos. E hai que comprobalo.

O Sr. Alcalde di: Os indicios e informe técnico...

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non, eu non estou falando diso.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Eu creo que o gol llo meteu vostede ao Concello de Cedeira cando tivo que pagar o Concello o investimento nas anteriores led. Iso foi o gol. Pero claro, como o diñeiro é de todos, a vostede non lle doe.

O Sr. Rubido Ramonde di: Xa vexo que se dervirtúa vostede e se despista vostede do que lle estou dicindo.

O Sr. Alcalde di: Non, non. Estoulle contestando perfectamente. O que pasa é que vostede xa empezou ¿Cómo é que lle deron a obra? Nosoutros non damos obras. Nosoutros licitamos obras, e se contratan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non dixen iso. Eu estoulle preguntando ¿Por qué? É unha pregunta técnica...

O Sr. Alcalde di: Eu estoulle dando unha contestación técnica.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Por qué se puntuou máis a esa empresa de Madrid?

O Sr. Alcalde di: Porque se contratou a unha enxeñería auxiliar que foi a que fixo o informe Sr. Rubido.

O Sr. Rubido Ramonde di: Entonces, haberá que mirar o informe. É o que lle estou dicindo eu. Eu non entendo nin de luces nin de nada...

O Sr. Alcalde di: Está mal informado.

O Sr. Rubido Ramonde di: Está mal informado non. Xa hai que ver o resultado. Avenida de España, foco, penumbra, foco, penumbra. Estanse averiando. Polo visto non teñen ningún requisito do concurso. E haberá, entre todos, que mirar polos intereses do Concello.

O Sr. Alcalde di: Pero eso é o que está dicindo vostede. Aquí houbo informes técnicos antes e despois. Eso é o que está dicindo vostede. Está dando unha opinión súa, propia.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si nos concentramos no informe técnico, nos concentramos no informe técnico que foi dende o principio donde me estou concentrando eu. Porque teño como máxima esa, para min, en principio todo o mundo é honrado salvo que se demostre o contrario. Non coma outros, que todo o mundo é un sinvergónza. Estoulle dicindo que me estou ceñindo á cuestión técnica. E haberá que mirar e repasar, a ver si non se equivocou o técnico. Porque non cumpre. Non cumpre cos requisitos. Polo demáis, nosoutros non estamos obrigados a saber cousas... en calquera momento pois métese igual a unha empresa de enxeñeiros, ou o que. Eso ocorreu con vostedes tamén.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Simplemente quería recordarlle algo Sr. Rubido. Na anterior lexislatura, eu mesma



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Mandato.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Da igual, mandato. Na anterior lexislatura.

O Sr. Rubido Ramonde di: Mandato. Bueno, é igual.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Da igual. Téñolle dito que por qué non se contrataba a empresas de Cedeira, porque todas as súas obras caían nunha empresa que non é de Cedeira. É verdade, efectivamente, moitas cousas gustaríanos que foran dunha determinada maneira pero a contratación ten un proceso e non poder ser puntuable que sexan de aquí, non dá dereito a nada.

Sr. Rubido Ramonde: O procedemento está ahí e efectivamente non se pode puntuar que a sede social esté en Cedeira. Pero me parece que nos colocaron lámparas dos chinos. Hai que cuestionar os informes externos. Ogallá esté equivocado. O obxecto principal da subvención eran 50 ou 60 luminarias e hai que cumprir co que mandou a Xunta.

Sr. Alcalde: Sobre ditas características se presentan os informes.

Sr. Rubido Ramonde: Non cumpren nada. Vai vir un inspector da Xunta e vai tumbar todo.

Sr. Alcalde: Fixemos o procedemento así.

Sr. Rubido Ramonde: O procedemento foi correcto pero baseado nun informe que hai que cuestionar.

Sr. Casal García: ¿As preguntas previstas poden presentalas por escrito?

Sr. Rubido Ramonde: Estou con vostede, pero tamén se poden contestar a posteriori. Aconsello que faga informe o electricista municipal.

Sr. Casal García: Anxo dí o que dí Luis.

Sr. Rubido Ramonde: ¿Que pasou? Que se toca a campá e aparece todo o mundo.

Sr. Alcalde: ¿Que quere, que se contrate a dedo?

Sr. Rubido Ramonde: Non, pero a garantía que dá o fabricante... non sei que S.L. é, ou se pode desaparecer agora mesmo... O servizo postventa está máis garantizado con empresas locais ou galegas. Hai que tomar conciencia.

Sr. Alcalde: Bueno, pero eu tamén quero que os meus fillos teñan oportunidades fora...

Sr. Rubido Ramonde: Hai aquí persoal para informar do tema.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Pérez Riola: Durante o seu mandato se cambiaron os led na Avenida da Area, con subvención. O proxecto non cumpría coa subvención e a perdimos, o pagou o Concello. Non teñen posta a terra, co perigo que conleva non fixeron nada.

Sr. Rubido Ramonde: Ahí había que ir contra a empresa que fixo o proxecto e contra a outra. Vostedes tamén perderon unha subvención para a limpeza de montes, o sabiamos e non dixemos nada. Non estamos obrigados a ter coñecementos técnicos.

Sr. Pérez Riola: Vostede contratou a Tuimil e non funciona nada.

Sr. Alcalde: Teño o informe que pideu nos dous plenos anteriores, o da estación de bombeo.

Sr. Rubido Ramonde: Si se nos da traslado xa está.

Sr. Alcalde: Non quero tratalo noutro pleno . Vou leelo eu. Neste informe dí:

“DEFICIENCIAS DAS INSTALACIÓNS E NECESIDADES TÉCNICAS

Visto o proceso de tratamento e descritas as instalación da ETAP, as limitacións ou melloras precisas para o correcto funcionamento da planta poden resumirse nos seguintes puntos atendendo á orde de prioridade:

- Fallo no Proceso de tratamento da ETAP.A inexistencia dun decantador previo á etapa de filtrado provoca que non se pode explotar a instalación cando se producen puntas de turbidez ou color.
- Falta de automatización e medición de parámetros básicos. A planta non dispón por deseño, nin de equipos de automatización, nin de dispositivos de medición en continuo de parámetros básicos. Será preciso dotar á planta ca instrumentación necesaria en materia de control da calidade da auga, automatismos de funcionamento, telecontrois e sistemas de comunicación co depósito de Campo da Cruz.
- Defectos na obra civil: Pese a ter 30 anos de antigüidade, os filtros presentan danos estruturais que se manifestan en forma de fisuras. Non son danos graves que poidan provocar o colapso dos filtros, pero aconséllase sanear esas zonas mediante selados.
- Envellecemento das conducións: As conducións de enrrada e saída dos filtros foron instaladas en ferro, polo que presentan oxidacións importantes na cara interior das mesmas. Isto provoca unha perda de sección útil moi significativa, polo que se recomenda a substitución por tubaxe en aceiro INOX.”

Creo que é bastante importante estas carencias da ETAP. Creemos que é moi importante. O que nos dín os técnicos de Viaqua é que a calidade da auga e boa pero necesita dunha reforma costosa. As conclusións que temos son as seguintes, leo outro informe:

“VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. e David Permui Fachal en calidade de Xefe de Distribución da Zona Norte,

INFORMA:

Que o progresivo aumento do consumo nos últimos anos no Concello de Cedeira e a obriga de realizar un tratamento máis eficaz debido á normativa existente, provoca que a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), presente unha serie de limitacións na actualidade.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A primeira é que carece de decantador, polo que a auga bruta pasa por unha cámara de mezcla onde se lle engaden os reactivos e logo pasa ós filtros; non dando tempo a unha decantación. Polo que cando a auga ten moita turbidez, a ETAP non realiza un tratamento adecuado.

A segunda é que carece dun sistema de automatización e telecontrol, tendo que operar a planta en modo manual, e non tendo alarmas por posibles averías.

E por último, a calderería existente, realizada en ferro, presenta un deterioro debido a inclemencia do tempo.

EXPÓN:

Axuntase a seguinte memoria, para que a teñan en consideración para realizar as melloras necesarias para o bo funcionamento da ETAP.

Sen nada mais polo momento, despedímonos de Vd., aproveitando a ocasión para saudalo, moi atentamente.

Cedeira, 5 de maio de 2014”

Quedeime sorprendido cando no primeiro pleno me pregunta como está a ETAP. Sobre isto, que foi o informe que lles deron, unha memoria valorada, tomamos algunha decisión.

Sr. Rubido Ramonde: Non teño coñecemento. Agora somos todos conscientes e temos que decidir entre todos si se inicia o camiño da subsanación disto.

Sr. Alcalde: Non se podía dicir mellor. A veces nos acusa de oscurantismo. Pareceume que non habelo levado a Pleno parece unha negligencia. Sobre todo cando se nos enche a boca de dicir que sobra o diñeiro. Cando se gastan 700.000 euros en obras, son cartos do concello. Pero sí, agora quero que entre todos busquemos solución. A quen lle chegou isto debe poñelo enriba da mesa.

Sr. Rubido Ramonde: Cumpren trinta anos as instalacións e hai que actuar. E intentar que non vaia a cargo do Concello.

Sr. Alcalde: Intentaremos buscar financiación da Xunta. Será un tema a tratar.

Sra. Rodríguez Pérez: Levaba esto no Concello desde 2014. O chamativo é que vostede preguntase por este informe no pleno e vostede o tiña no 2014. Chama a atención. O que faremos con isto será ter outra reunión con Viaqua e ver o presuposto, ver o máis fundamental, establecer un cronograma e buscar financiación para isto.

Sr. Rubido Ramonde: Habería tamén que falar con Viaqua do tema das pluviais. O proceso empezou nos 90 e está tendo defectos importantes. A superficie dos tellados non se está conectando. Non hai recollida de pluviais nos edificios.

Sr. Alcalde: É moi importante facelo. Hai algún proxecto. O máis complicado son os edificios con pluviais hacia atrás. Non quero facelo como reproche. Pero quero que me quiten a dúbida. Na rúa Salinas, onde tiña a tenda Rosario, nesa rúa se fixo a pavimentación da rúa antes das eleccións e non se fixo a separación de pluviais e fecais. Penso que aínda que se faga menos tramo é mellor facelo ben.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A continuación se procede a realizar o sorteo dos membros das mesas electorais para as eleccións xerais do día 20 de decembro de 2015:

1.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES AO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS XERAIS DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2015

Con data 18.11.2015 emitiuse pola Alcaldía a seguinte proposta:

“Vista a convocatoria de eleccións xerais para o día 20 de decembro de 2015 efectuada polo Real Decreto 977/2015, de 26 de outubro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións, publicado no BOE do 27 de outubro de 2015, a teor do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, compete a esta Corporación a formación das mesas electorais, debendo ser designados o presidente e os vogais cos seus conseguintes suplentes mediante sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria das eleccións. Os membros das mesas deberán ser menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días, e que sepan ler e escribir, debendo o Presidente ter título de Bacharelato ou de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Estimando por tanto necesaria a fixación dos criterios que determinen de xeito automático aos electores que constituirán as mencionadas mesas, e considerando que ditos criterios deben ser aprobados pola Corporación con anterioridade á realización do sorteo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Normas para a designación dos compoñentes das mesas electorais:

1) Sorteo por cada distrito, sección e mesa.

- O Censo Electoral extráese do programa CONOCE, proporcionado polo Instituto Nacional de Estatística.
- Farase un único sorteo informático utilizando o programa CONOCE do I.N.E.; os cales cumpren os parámetros legais segundo a normativa especificada na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

2) Condicións para ser nomeado Presidente de mesa electoral ou suplente.

- a) Ser menor de 70 anos.
- b) Posuir, como mínimo, o título de Bacharelato Superior ou de F.P. de 2º grao; ou subsidiariamente de Graduado Escolar ou equivalente.

3) Condicións para ser nomeado Vogal de mesa electoral ou suplente.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- a) Ser menor de 70 anos.
- b) Saber ler e escribir.

4) Nomeamento de membros de mesa electoral para os casos de requirilo a Xunta Electoral de Zona.

Xerarase, no mesmo sorteo, unha lista suplementaria consistente en dous suplentes por posto dos referenciados nos puntos 2 e 3 (Presidente e Vogais), e sete suplentes máis por posto, a maiores dos anteriores, en previsión dos casos nos que debido ás reclamacións estimadas pola Xunta Electoral de Zona, sexa necesario nomear novos membros de mesa electoral, tanto para o cargo de presidente como de vogais. Estes suplentes serán notificados só no referido suposto."

O Pleno da Corporación aproba referida proposta e a continuación procédese ao sorteo dos membros das mesas electorais, do que se obtén o seguinte resultado:

MUNICIPIO CEDEIRA		
DISTRITO CENSAL 01	SECCIÓN 001	MESA U

CARGO	NOME	DNI
Presidente	A. R. P. P.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	J. C. P.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	J. A. G. P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	C. Q. Y.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	S. P. T.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	E. D. M. M. F.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	S. V. V.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	A. M. L.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	J. L. R.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA		
DISTRITO CENSAL 01	SECCIÓN 002	MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	J. C. D. R.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	J. C. D. P.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	M. L. V.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	J. A. B. R.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	I. B. R.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	M. A. D. R.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	L. C. F.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	L. F. V.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	D. G. G.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA		
DISTRITO CENSAL 01	SECCIÓN 002	MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	J. S. V.	XXXXXXXXXX



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

1º Vocal	J.M.R.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	M.P.V.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	M.R.L.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	M.A.P.O.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	E.Q.F.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	P.P.F.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	M.R.N.L.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	M.M.P.F.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 003

MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	J.E.B.O.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	F.J.G.M.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	A.M.F.P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	R.D.C.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	I.G.L.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	M.G.C.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	M.G.R.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	A.D.P.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	A.I.B.Q.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 003

MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	L.V.M.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	M.A.M.R.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	A.V.C.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	J.A.P.F.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	J.F.R.C.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	M.C.M.N.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	M.Y.B.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	R.R.B.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	M.P.Y.B.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 004

MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	C.P.M.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	J.M.M.C.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	J.R.V.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	A.L.M.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	H.R.T.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	R.M.F.I.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	T.R.L.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	A.B.L.P.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	M.I.L.C.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 004

MESA B



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CARGO	NOME	DNI
Presidente	B.M.C.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	A.N.T.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	L.L.P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	H.M.L.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	J.D.M.L.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	J.C.C.M.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	M.M.L.G.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	J.P.F.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	J.M.B.A.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 004

MESA C

CARGO	NOME	DNI
Presidente	R.A.B.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	A.F.L.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	P.G.V.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	M.D.F.M.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	R.L.R.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	A.C.B.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	J.L.H.P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	M.S.B.G.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	A.G.G.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 004

MESA D

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M. B..P.C.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	J.G.A.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	P.V.P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	L.L.M.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	F.M.L.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	M.D.F.L.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	C.G.P.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	C.R.J.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	F.N.C.	XXXXXXXXXX

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 006

MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	R.P.R.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	F.M.G.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	E.M.D.B.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	A.G.P.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	N.M.M.M.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	L.G.P.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	E.T.L.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	M. D.L.G.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	J.P.G.	XXXXXXXXXX



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL 01

SECCIÓN 006

MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	R.P.F.	XXXXXXXXXX
1º Vocal	G.G.F.	XXXXXXXXXX
2º Vocal	I.F.T.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de Presidente	I.Y.G.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de Presidente	A.L.G.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 1º Vocal	L.A.C.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 1º Vocal	A.A.A.	XXXXXXXXXX
1º Suplente de 2º Vocal	A.L.A.	XXXXXXXXXX
2º Suplente de 2º Vocal	E.B.P.	XXXXXXXXXX

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e trinta minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA